

## Os escritores de Galeusca arrepóñense aos ataques contra a normalización



Escrito por Kiko das Leiras  
Venres, 11 de Xullo do 2008

VIEIROS - Autores cataláns, vascos e galegos publican un escrito contra o "Manifiesto por la Lengua Común" e fan un chamamento para que a cidadanía se sume ao documento. O pasado mes de xuño un grupo de intelectuais próximos a UpyD fixeron público un escrito titulado "Manifiesto por la Lengua Común", no mesmo reivindicaban o papel do castelán como lingua prioritaria en todo o Estado. No texto non se aforraban ataques contra os intentos de normalización lingüística en Galiza, Cataluña e Euskadi á vez que se propoña unha reforma constitucional que supeditase áinda máis as linguas destes países á castelá.

Asina o manifesto enviando un email ao enderezo: [oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org)

A esta campaña de adhesións ao manifesto sumáronse inmediatamente importantes medios de comunicación madrileños como El Mundo ou Tele 5, entre outros.

A iniciativa tómhana agora os escritores en lingua catalán, euskera e galega aglutinados na Federación de Asociacións de Escritores Galeusca (composta pola Associació d'Escriptors en Llengua Catalana, a Euskal Idazleen Elkartea e a Asociación de Escritores en Lingua Galega). Os colectivos defenden o dereito á normalización plena destas linguas e condenan os ataques á pluralidade lingüística do Estado.

Dende a Aelga piden que as adhesións individuais e colectivas a este manifesto se fagan chegar ao seguinte enderezo: [oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org)

**Consulte aquí o manifesto íntegro dos escritores agrupados en Galeusca**

**Manifesto de Federación de Asociacións de Escritores "Galeusca"**

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, como integrante da Federación de Asociacións de Escritores "Galeusca", da que tamén forman parte a Associació d'Escriptors en Llengua Catalana e a Euskal Idazleen Elkartea (Asociación de Escritores Vascos), emite a 11 de xullo o seguinte manifesto.

Perante o discurso pretendidamente homoxeneizador e centralista que subxace no "Manifiesto por la lengua común", a Federación de Asociacións de Escritores "Galeusca" quere deixar constancia do seguinte:

1. A realidade plurilingüe que conforma e dá existencia ao estado español, lonxe de ser entendida como unha "asimetría" ou deficiencia per se, está a reproducir de xeito transparente unha diversidade lingüística e cultural común á maioría dos estados que conforman a Europa plurilingüe.
2. O galego, o éuscaro e o catalán non son "inventos" recentes senón linguas que foron normais nos seus territorios e sociedades respectivas durante centos de anos. A súa desnormalización, a súa perda de usos públicos, non se produciu de forma "natural", senón, mesmamente, por invasión da lingua que se decretou como oficial do estado, sen consulta nin acordo previo.
3. O artigo 3 da Constitución española garante a presenza desa lingua común para todos os habitantes do estado, mediante a esixencia a toda a cidadanía do deber de coñecer o castelán. Toda a cidadanía de Galicia, Euskadi e os Paises Cataláns asume na práctica esa esixencia, pois non hai persoa que non teña unha boa competencia en castelán, ora a teñan como primeira lingua, ora como segunda. Porén, respecto do galego, do éuscaro e do catalán a lexislación non prevé a obriga de seren coñecidos nos seus respectivos territorios, o que establece unha asimetria nos dereitos lingüísticos da cidadanía que quere exercer o dereito, que lles é recoñecido, a usalo.
4. O galego, éuscaro e catalán tamén son linguas oficiais nos seus territorios, que é o mesmo que dicir que son as linguas propias de aproximadamente o 40% da poboación do estado español. Estes códigos lingüísticos diferentes do castelán, lexítimos e nos que se recoñece o percorrido e expresividade dun pobo e dunha cultura, son instrumentos de comunicación igualmente "democrática", ferramentas de relación interpersonal útiles e necesarias para a sociedade que as sustenta.
5. O dereito ao uso público, en todas as instancias, da lingua propia está recoñecido en todas as lexislacións democráticas do mundo. No ámbito europeo cómpre lembrar a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (aprobada e ratificada polo Estado español) ou a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, aprobada coa unanimidade do Congreso dos Deputados.
6. A visión anuladora que da Enriquecedora realidade plurilingüe española se transmite desde o "Manifiesto" leva a pensar na similitude coas teses da etapa franquista: un Estado, unha lingua, e, consecuentemente, a reforzar as formulacións diferenciadoras entre cidadáns de primeira e de segunda por razón de lingua. A competencia plurilingüe, tamén para os cidadáns españoles nados en comunidades autónomas cunha única lingua oficial,

sempre será unha chave que abra o mundo, que abra as fronteiras do respecto polo outro desde a interpretación dunha relación de equidade entre os seres humanos, independentemente do seu lugar de nacemento, de residencia e de lingua propia. Además, o "Manifiesto" parte dunha premisa que non se corresponde coa realidade, pois en ningún caso o castelán corre perigo ningún en todo o territorio do Estado.

7. A aprendizaxe de linguas, ademais da propia, sempre debe ser entendido en positivo e como sinónimo de enriquecemento do individuo, pois coa aprendizaxe plurilingüe estimúlase a expresividade e cognición das persoas. No caso de Galiza, Euskadi e os Países Cataláns é imprescindible que a poboación sexa competente nas dúas linguas oficiais, para que logo cadaquén poida decidir libremente se usa unha ou outra nos diferentes ámbitos e situacións. É dicir, a dobre competencia é imprescindible para garantir a liberdade lingüística.

8. Para garantir esa utilización libre das linguas precisanse medidas emanadas dunha política lingüística adecuada. É dicir, para garantir os dereitos constitucionais que temos tamén os falantes de catalán, éuscaro e galego precísanse políticas lingüísticas que creen as condicións para exercelos, tal e como ditou o Tribunal Constitucional na sentenza 337/1994 cando "avalaba un trato desigual, que non discriminatorio, para as dúas linguas oficiais en función do carácter propio dunha delas que fai preciso unha acción normalizadora que debe, necesariamente, implicar accións de apoio singularizado".

9. As políticas lingüísticas aplicadas ao ámbito educativo nas chamadas comunidades bilingües teñen como obxectivo conseguiren que o alumnado acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar. Para acadar ese obxectivo, é preciso desenvolver planificacións lingüísticas que garantan a consecución dese obxectivo e que pasan, necesariamente, pola utilización vehicular maioritaria da lingua máis desfavorecida socialmente. E isto, en vez de ir contra a liberdade lingüística, é, precisamente, unha actuación imprescindible para garantir esa liberdade lingüística.

10. As escritoras e os escritores galegos, vascos e cataláns PROCLAMAMOS a nosa vontade de seguirmos a escribir nas nosas linguas e a contribuírmos ao proceso, inacabado, de normalización das nosas linguas, como derecho humano, democrático, pacífico ao que non imos renunciar. Repudiamos enerxicamente todos os intentos de EXCLUSIÓN que colegas escritores españoles realizan das nosas linguas e lamentamos que, no canto de se preocuparen pola saúde do español en Puerto Rico, Costa Rica ou os Estados Unidos, se dediquen a combateren o más próximo e asimetricamente discriminado.

Xullo de 2008

Asína o manifesto enviando un email ao endereço: [oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org)

[Pesar a fiestra](#)